

**Madrygal. Revista de Estudios Gallegos**

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.53984>

 EDICIONES  
COMPLUTENSE

## «Sempre e mais despois». No centenario do nacemento de Raimundo García Domínguez, Borobó<sup>1</sup>

Ana Acuña Trabazo<sup>2</sup>

Recibido: 5 de setembro de 2016 / Aceptado: 4 de outubro de 2016

**Resumo.** Este artigo céntrase na obra literaria menos coñecida do xornalista Borobó: a poesía, o teatro e a narrativa en galego. Previamente rastrexaremos a presenza de Borobó na revista *Madrygal* e, ademais, abordaremos a relación do madrigalego cos máis novos que asistían ao faladoiro do Café Comercial.

**Palabras chave:** Raimundo García Domínguez, Borobó; poesía; teatro; narrativa; *Madrygal*; “Sétima”.

## [es] «Sempre e mais despois». En el centenario del nacemento de Raimundo García Domínguez, Borobó

**Resumen.** Este artículo se centrará en la obra literaria menos conocida del periodista Borobó: la poesía, el teatro y la narrativa en gallego. Previamente rastrearemos la presencia de Borobó en la revista *Madrygal* y, además, abordaremos la relación del “madrigalego” con los más jóvenes que asistían a la tertulia del Café Comercial.

**Palabras clave:** Raimundo García Domínguez, Borobó; poesía; teatro; narrativa; *Madrygal*; “Sétima”.

## [en] «Sempre e mais despois». The Centenary of Borobó’s (Raimundo García Domínguez) Birth

**Abstract.** This article focuses on Borobó’s lesser-known works in poetry, theatre, and narrative in Galician. Firstly, we shall look for traces of Mr. Borobó’s presence in the Magazine *Madrygal*, and then we shall deal with the relationship between this “madrigalego” and the young people that regularly met at the Café Comercial.

**Keywords:** Raimundo García Domínguez, Borobó; Poetry; Theatre; Narrative; *Madrygal*; “Sétima”.

**Sumario.** 1. Introducción. 2. Borobó e(n) *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*. 3. Borobó e A Sétima. 4. Achegamento á obra polixenealóxica de Borobó: poesía, teatro e narrativa en galego. 4.1. Poesía. 4.2. Teatro. 4.3. Narrativa. 5. Consideracións finais. 6. Referencias bibliográficas. 7. Anexo gráfico dos rexistros e espazos compartidos con Borobó.

**Como citar:** Acuña Trabazo, A. (2016): “«Sempre e mais despois». No centenario do nacemento de Raimundo García Domínguez, Borobó”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 19, 11-23.

<sup>1</sup> A elaboración deste artigo forma parte do proxecto de investigación "Discursos emergentes sobre mujer y naturaleza en Galicia e Irlanda", financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad (FEM 2015-66937).

<sup>2</sup> Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina.  
E-mail: ganime@uvigo.es

## 1. Introducción

Falaba Paul Ricoeur do pracer de acordarse do bo que unha vez vimos, oímos, sentimos, aprendemos, conseguimos. Ese é o meu sentimento ao lembrar o bo que unha vez vimos, oímos, sentimos, aprendemos e conseguimos grazas a Borobó (Pontecesures, 1916-Santiago de Compostela, 2003) e que cada ano rememoramos. Precisamente, guiándonos pola “teoría do empalme” tan do agrado de Borobó, este artigo vai recuperar diversas colaboracións orais que a autora preparou en honra de Raimundo García Domínguez en 2004, 2006 e 2016.

Se para o homenaxeado “toda obra de erudición, ou de investigación histórica ou literaria, inda co maior aparato científico” se compón “de múltiples cachos procedentes doutros autores, máis ou menos axeitadamente empalmados, ligados ou fundidos” (Borobó 2002: 122), esta investigación procede de diversos “cachos” máis ou menos ligados e procedentes maioritariamente de quen isto escribe.

Coa perseveranza do recordo quero compartir unha experiencia para sempre, non só para quen asina este traballo, senón tamén para quen o acepta porque Borobó estivo moi preto de *Madrygal*. Experiencia para sempre foi, entre outras, converterse en secretaria do *Corpus Boroborum* por designación do propio autor e de Sabino Torres, traducir para o galego as 5 obras de teatro por petición de Borobó, crear un proxecto de estudo da súa vida e obra seguindo as súas indicacións...

## 2. Borobó e(n) *Madrygal*. *Revista de Estudios Gallegos*

Borobó incorporouse como colaborador de *Madrygal*. *Revista de Estudios Gallegos* no número 2 de 1999, cando a revista xa botara a andar e el mesmo presenciara a presentación do primeiro volume na Universidad Complutense de Madrid o ano anterior. Precisamente, o 27 de maio de 1998 Borobó facíanos entrega dedicada do que serían os seus primeiros textos para esta revista de estudos galegos: un prego de cordel redactado na “docta Casa” do Ateneo de Madrid e un poemario en edición non venal

e impreso na cámara de “La burla negra” da Colección Hipocampo Amigo. Na dedicatoria aludíase aos poemas e rogábasenos que fosen ben tratadas en *Madrygal* “istas follas invernales que son coma variolas da miña vellez co meu prego de que as traten con agarimo nas follas primaverales de *Madrygal*”.

Como adiantamos, dos poemas regalados por Borobó seleccionamos seis textos pertencentes ao prego de cordel *A Galicia de ouro* para publicar no número 2 de *Madrygal*.

Cremos que serían gratos para Borobó aqueles anos iniciais da revista *Madrygal* tan vinculados graficamente a Castelao (as portadas dos tres primeiros números desta publicación están ilustradas con debuxos do rianxeiro). De feito, para o volume 3 de 2000 enviou Borobó un ensaio titulado “Castelao con Valle-Inclán”.

Sería no número 6, correspondente a 2003 (ano do falecemento de Borobó), cando *Madrygal* deu a luz a entrevista<sup>3</sup> co mestre creador do termo “madrigalego” como recoñecemento do seu labor.

Outros volumes de *Madrygal* (o 7 e o especial 18) se centraron na figura e obra de Borobó, pero el xa non puido dedicar a súa pluma a esta revista. Referímonos ao estudo sobre o Borobó biógrafo (García Paz 2015) e Borobó autor teatral (Acuña 2004).

## 3. Borobó e A Sétima

Aínda debo referirme ao número 10 de *Madrygal* pois nel inseríame dentro dun grupo denominado a Sétima e dende el recoñecía o maxisterio de Borobó. Nese fragmento tamén se aludía aos espazos de sociabilidade compartidos durante os nosos anos madrigalegos (Acuña 2007: 171):

NÓS ERAMOS OS DA SÉTIMA, os da 7ª planta do Edificio B da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, na Cidade Universitaria que no 36 fora fronte de guerra. Corenta anos despois da Xeración da Noite, a Xeración da Sétima agrupou aos madrigalegos e atopou mestres gratuítos. (...) Non protagonizamos as Festas Minervais (aínda que, para Borobó, eramos as musas noviñas)(...).

<sup>3</sup> Lembramos que a sección “entrevista” foi entendida como un espazo para os persoeiros ou grupos residentes en Galicia (números impares) e residentes en Madrid (números pares). Entre estes últimos, e antes de Borobó, ocuparon esa sección Alonso Zamora Vicente e Sabino Torres.

Queda claro que tampouco eramos a mocidade intelectual dos anos 46 en diante, pero iamos escoitar os galegos a calquera punto de encontro, como Manuel María ou Uxío Novoneyra ían á redacción de *La Noche*. Apropriadonos das palabras de Xosé Luís Franco Grande a propósito de Borobó: «Eramos rapaces, pero Borobó abriuse a nós el mesmo, abriunos a posibilidade de empezar a ser escritores, ou, mellor fose dicir, a manifestarnos como tales. Moitos coma min entrabamos e saíamos da redacción do xornal sentíndonos na nosa propia casa. Alí había algo distinto e de non posible comparación: Borobó».

Borobó era un referente para nós, os novos dos anos 90. El podía falar e sempre sorprendenos porque, como dixera Eugenio D'Ors de si mesmo, “era infinito”. Infinito en tantos espazos de sociabilidade e rexistros<sup>4</sup> que xuntaron os madrigalegos que

«carrexamos o peso do mundo ó lombo polas rúas de Madrid, cazados coma coellos nos corredores da gran urbe, sós, espallados» (Fermín Bouza Álvarez), pero

«xuntos mozos e mozas, vellos e vellas mirando á Terra da Verba primixenia» no Edificio A da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense durante a presentación do nº 1 de *Madrygal*, abraiados cando Manuel Rivas nos descubriu a Borobó entre o público da II Semana das Letras Galegas, alá polo ano 98. A partir de entón Borobó –xunto con Sabino Torres– foron os nosos “históricos” visitantes e recitadores<sup>5</sup>. (...)

«xuntos mozos e mozas, vellos e vellas» vivindo Galicia en Madrid grazas a Sargadelos de Isaac Díaz Pardo que nos permitiu mostrar o nº 3 de *Madrygal* ao carón do libro homenaxe a Inés Canosa, *muller de doce sal*. (Acuña 2007: 171)

Alí, en Sargadelos, estaba Borobó sentado na segunda ou na terceira fila (acompañado de Carlota) e preparado para posar connosco, os da Sétima, en cada presentación do Grupo Bilbao.

E no Café Comercial, onde o Grupo Bilbao se reunía o último sábado de cada mes, Borobó “arrecúchase no seu sitio de intrahistoriador, e mira e fala da intrahistoria de Galicia, que el coñece coma ninguén. El fala da xente, dos obreiros da Historia, de nós mesmos” (Bouza 2003: 104). O noso homenaxeado describía, para a prensa galega, os asistentes ao faladoiro do Comercial:

No último sábado de cada mes reunímonos no Café Comercial da Glorieta de Bilbao, algúns superviventes literarios da primeira metade do século XX, Alejandro Finisterre, Fariña Jamardo, Borobó –cos profesores e poetas de posteriores xeracións que manteñen en MadriGaliza o fogo sacro da nosa lírica. Entre os dinosauros e a nova ondaxe, onde predominan as rapaciñas, o sociólogo Fermín Bouza, o compositor Rudesindo Soutelo e o cantapropesor xa citado<sup>6</sup>, representan o tránsito dunha a outra etapa das letras e artes galaicas. (Borobó 2003: 122)

Hoxe, cando o mundo está inzado de non lugares, cando non importa destruírnos con lume ou con bombas... quixen enumerar eses lugares únicos que Borobó creou para nós en Madrid (Carmen Blanco Ramos e mais eu na Cidade dos Periodistas os sábados pola tarde) e en Boiro (Carmen Blanco Ramos, Susana González e mais quen escribe inmortalizadas no “banco das filólogas” da Casa da Fiada), lugares únicos mesmo no seu leito de morte santiagués recibíndonos todas as semanas mentres podía falarnos. Axiña nos decatamos das clases de balde en cada encontro, entón, para non esquecer, comezamos a levar cadernos e gravadora a eses fogares tan cálidos.

Se cada un vive un acontecemento extraordinario na súa vida, estou certa de que, para os da Sétima, o noso acontecemento extraordinario foi coñecer persoas boas e xenerosas como Borobó. Eles fixéronnos sentir importantes ao entregarnos a súa memoria.

<sup>4</sup> Entre os rexistros públicos e ocultos dos madrigalegos de finais do século XX nos que colaborou Borobó, están a asistencia á presentación dos cadernos de poesía da colección O Roibén, a asistencia aos recitais poéticos e actividades da Sétima, a colaboración no libro de homenaxe *Muller de doce sal*, a participación na colección Hipocampo Amigo como prologuista e autor, a colaboración no libro de poesía galega en Madrid *En tránsito* (Acuña 2014, Acuña e Blanco Ramos 2003).

<sup>5</sup> Borobó colaborou na III Semana das Letras Galegas (maio de 1999) e na V Semana das Letras Galegas (maio de 2001) celebradas na Facultad de Filoloxía da Universidad Complutense de Madrid. Concretamente o día 14 de maio de 1999 participou na lectura de poemas xunto con Miro Villar e o alumnado da facultade e da escola de idiomas, e o 16 de maio de 2001 na lectura de poemas e narracións con Sabino Torres e o alumnado da facultade (case todos pertencentes á Sétima). Véxase o anexo gráfico.

<sup>6</sup> Refírese a Vicente Araguas.

Quizais non soubemos devolver todo o que eles nos regalaron, pero aquí estamos para dar fe de que non os esquecemos. Iso era o que Borobó nos pedía na felicitación do ano 2000 “para Ana Acuña, ca esperanza de que ó longo do século XXI siga lembrándose de Borobó”.

Escribín ata este momento co ímpeto dunha moza da Sétima e continuo agora co sosego da madurez, case vinte anos depois, para mostrar os froitos literarios –inéditos e inauditos– que Borobó máis compartiu connosco. Son coma os froitos temperáns deses 50 limoeiros que algún día florecerán xuntos en Trevonzos.

#### 4. Achegamento á obra polixenealóxica de Borobó: poesía, teatro e narrativa en galego

Referirse á poesía, ao teatro e á narrativa implica achegarse a toda a obra de Borobó e desta maneira o demostra o seu amigo e xornalista Manuel Blanco Tobío (1989: 6):

Raimundo García Domínguez, alias Ánxelo Novo, alias Julio Sierra, alias ex-Conde de Grovas y alias Borobó, entre los más conocidos, es un inventor de géneros literarios y periodísticos. Pero en realidad, todos sus géneros derivan de uno solo, el anaco. El anaco, que en gallego quiere decir trozo, o pedazo, es una media columna. Partiendo del anaco casi siempre, y siguiendo la técnica del empalme (...) el texto puede multiplicarse, por partenogénesis o esporulación, y de ello resulta una novela, un ensayo, una biografía, o un memorial (...).

Nos textos xornalísticos de Borobó están presentes os mesmos elementos da obra literaria, pois, tal e como nos contaba nunha entrevista persoal, nos anacos utilizaba a historia, a memoria persoal e a fantasía.

O propio Borobó recoñecía nun anaco de *La Noche* (21 de xaneiro de 1947) a posibilidade de aproveitar, ora o novelista e dramaturgo e ora o periodista, as coincidencias no lugar e no tempo:

Las coincidencias son uno de los recursos más utilizados en folletines y melodramas. Ninguna obra literaria puede prescindir por completo de ellas (...).

Hai coincidencias en el lugar y en el tiempo, y si unas las aprovechan los novelistas y dramaturgos, otras son cazadas al vuelo por los periodistas; así, lanzamos hoy el lazo –un lazo de negro crespón– sobre la fúnebre coincidencia de las desapariciones simultáneas de Manuel Machado y Emilio “Bomba”. ¿Conseguiremos centrar en el mismo Anaco al poeta y al torero? Quizá no sea difícil.

A diferenza dos demais xéneros cultivados por Borobó e nos que están presentes as dúas linguas, a poesía de Borobó foi escrita unicamente en lingua galega<sup>7</sup>. Nos nosos encontros en Madrigalicia, o noso protagonista indicounos que os anacos con ritmo en idioma castelán podían orixinar un poema en galego. Arredor da lírica e do idioma expresábase de forma versificada (Borobó 1998: s.p.):

Inda que sempre escribía en prosa castelán, soñei que si rimaría os renglóns sairíanme na fermosa fala en que falou Rosalía.

E cando, por vez primeira, o texto enceteino en galego, eu sentía voar a prosa, escribindo en verso coma si me levara da man Rosalía.

Deus me perdone, e Nosa Señora da Saudade, señora de Murguía, por meterme a facer versos, embora, ao xeito de Rosalía.

Para achegarnos á poesía, ao teatro e á narrativa en galego de Borobó botaremos man, como el mesmo facía para elaborar os seus novelas de anacos, da memoria e dos papeis “para comprobar algún dato que me esquece, pero case que nunca. Prefiro deixar correr a memoria, deixar correr o tempo, coma a auga, vivificador e fresco” (Borobó 2002: 19-20). É dicir, valerémonos da memoria e dos libros: das nosas conversas na súa casa madrileña que empezamos a frecuentar (Carmen Blanco Ramos e mais eu) en 1999 e na casa da Fia-da durante os veráns, pero tamén nos serviremos dos seus ensaios, anacos, teatro poemas, narrativa...

<sup>7</sup> Comentario á parte merecería o texto no que mestura varios xéneros “O lunático Ánxelo Novo”, asinados polo pseudónimo Julio Sierra e publicados no número 3 da revista *Fantasia* (25/03/1945) e a “Clave lírica” que prologa *El fantasma de Valle-Inclán* (1986).

#### 4.1. Poesía

Antes de analizar a obra poética de Borobó debemos indicar que esta comprende catro pregos (de cordel case todos) e mais un libro editados por Sabino Torres en edición non venal impresos a finais dos anos noventa (aínda que os poemas están datados nas décadas dos 80 e 90). A continuación repasamos os títulos e resumimos o contido<sup>8</sup>:

- *A Galicia de Ouro*, celebración das vodas de ouro de Carlota e Borobó, é un diálogo con Castelao, concretamente co seu texto *Arte e galeguismo*, ademais de incluír un soneto de Cunqueiro.
- *O meiró dos limóns, ao mouro Federico*, subtítulo “Apoteose da Galicia de Ouro (no centenario de García Lorca)”, é unha conversa co poeta granadino.
- *Bó aninovo 1999*, especie de nadal, é un recordo de Manuel Antonio, pero tamén de Cunqueiro e de don Ramón. Inclúe un dos poemas mellor valorados por Borobó: “A Torre Picasso e mais eu”.
- *Polo camiño de Cespón (preludio)* e *Soño con Aquilino* son, como ben indica o título, un diálogo con Iglesia Alvariño. Estes dous textos van acompañados das 8 estrofas que compoñen “Ca walkiria nazi”.
- *Anaco de amor a Rosalía. A Rianxada* (1998), libro en edición non venal, desenvolve unha conversa de Borobó co seu tempo, cos seus amigos e coñecidos (sobre todo con Rosalía, Castelao, Dieste, Manuel Antonio, Otero Pedrayo, Valle Inclán, Amado Carballo, Feliciano Rolán, Machado...).

Tras a anterior enumeración na que se constatan os diálogos cos seus mestres, é doado deducir cales serán as influencias poéticas<sup>9</sup> de Borobó e que el nos confirmou: “sobre todo Antonio Machado na poesía española e na galega Rosalía e, sobre todo, por unha relación persoal moi grande, [Aquilino] Iglesia Alvariño, o poeta máis importante do século”.

Podemos afirmar, xa que logo, que os poemas de Borobó son como os seus exemplos, pois neles están as persoas que coñeceu e merecen un recordo “polo que foron, polo que significaron e polo que fixeron” (Borobó 2002: 20).

Velaquí o diálogo, titulado *Soño con Aquilino*, entre Borobó e Iglesia Alvariño sobre a súa poesía de vellez e no que non faltan as referencias á obra de cada un:

- Xa sabes que... metinme a poeta (Porque me peta)
- Que me dis!
- Si, poeta de última hora
- A boa hora!
- Se ti o dis...
- Douche a miña noraboa
- Logo, posme nun tris
- Vaiche boa!
- O que corre non voa
- Voaremos bis a bis
- Asiña, no alén...
- Eiquí, comigo, no ceo
- Mira que ben!
- ...Onde inda os teus “anacos” leo
- E releremos os teus *Cómaros* tamén

Borobó está, pois, no ceo con Aquilino Iglesia Alvariño ou no camiño dos vellos poetas que foron e que Aquilino poetizou. Ese camiño xa o anunciara Borobó nun poema agoiro do ano 1999 (*Polo camiño de Cespón*) cuxa intención é lembrarse da xente “fundamental”:

teño a obriga de vivir  
desperto, ledo e confiado  
pois non sei a onde ir  
cando todo sexa pechado

E conservar a memoria  
pra que siga vivindo nela  
¡na miña intrahistoria!  
cantos amigos levóu Ela.

Pois se marchara pra Cespón  
polo camiño sacramental  
¿quen se lembrará entón  
de xente tan fundamental?

<sup>8</sup> Recentemente Modesto Hermida (no prelo) dedicou un estudo á poesía de Borobó.

<sup>9</sup> Aínda que a análise do Borobó periodista se afasta do propósito deste artigo, a lectura de Claudio Rodríguez Fer (2013) apunta os límites estilísticos do xornalismo do noso homenaxeado: ao norte limita coa ética dos periodistas literarios Roberto Blanco Torres e Ánxel Fole, ao sur coa técnica do periodismo literario de Ramón del Valle-Inclán e Álvaro Cunqueiro, ao leste co humorismo de Julio Camba e Wesceslao Fernández Flórez, ao oeste cos grandes articulistas de tradición galeguista Ramón Otero Pedrayo e Castelao.



A poesía de Borobó pódese ler ben nos folletos mencionados máis arriba (editados por Sabino Torres en edición non venal) ou ben a través da súa inclusión nos volumes de ensaio en prosa coñecidos como “Papeis de Borobó”. Por exemplo, tres estrofas do poemario *Anaco de Amor a Rosalía* (1998) apareceron previamente publicadas no seu ensaio titulado *Libro de los tropiezos* (1989a). Velai as palabras de Borobó (1989a: 143) sobre a orixe dos versos:

luego de escribir este capítulo del Memorial, finalicé mi *Anaco de Amor a Rosalía*, que léi en la Casa de la cantora, al serme entregado el Pergamiño de Honra e Loubanza, del Pedrón de Ouro, con estas pías cuartetas:

Agora que o Papa ven a Avila  
de Santa Teresa ¿por qué a pía  
pelerinaxe non sigue deica a vila  
do Sar, pra santificar a Rosalía?

Explicación que coincide coa que nos ofrecía Borobó durante as conversas na casa familiar sobre a xénese do libro de poesía:

Ocorrúeseme facer en verso o meu agradecemento. É o *Anaco de amor a Rosalía*. Por aqueles días lía unha pequena edición que teño de Neruda, o “Canto de amor a Estalingrado”, entonces plaxieci, na estrutura, a súa composición. A min parecíame moi fácil facelo. Eu convertín Estalingrado en Rosalía. (...) Claro está que eu non me podo comparar nin moito menos con Neruda, pero eu fixen a mesma estrutura.

Outro exemplo da inclusión da poesía no ensaio encontrámolo no libro *A Cantora do Sar* (1999b), en cuxo VI caderno aparecen 6 textos do citado poemario *Anaco de Amor a Rosalía* (1998). Ademais, unha selección de versos d’*A Rianxada* ou *Anacos de amor a Rosalía* (1998) foi incluída no libro en prosa *Daniel, o noso* (2000b) segundo anuncia o propio Borobó (2000b: 157 e ss.):

Cando a miña primeira intención era louvar a Rianxo e a seus grandes artistas e escritores, para o cal viríame moi adrede a miña *Rianxada*. Ou sexa os meus *anacos de amor a Rianxo*, versificados, nos que reflectín a constante visión de ista vila dende meu outeiro trevonceño e a admiración que sempre sentín por seus xeniais homes da rua de abaixo, cuías casas son as que millor vexo dende a Casa da Fiada. E non é que queira meterme no terreo poético do difuntoño Faustino Rey Romero (...) Nin tampouco no lírico chan de Xesús Santos, de Asados (...) Limitome a expricar na *Rianxada* que:

Escollín Trevonzos  
para mirar Rianxo.  
E ollar a fiestra valdeira  
dende a miña fenestra.

E seguir despóis as pegadas que deixaron nas rúas paralelas de esta vila Castela, Manuel Antonio, Dieste, mentras a miña mirada de tenaz visoteiro de este Concello (...) esbarase por toda a súa orla mariñeira, dende o nacho Castro Barbudo deica o afilado Salto do Ladrón.

Nesta liña e a propósito dos versos d’*A Rianxada*, Borobó explicaba a xénese durante as conversas mantidas connosco: “De estar mirando sempre desde Trevonzos a Rianxo, ocorrúeseme facer *A Rianxada* con outras cousas máis (“A pandeirada”). Todas esas cousas que figuran no libriño que despois editou casi familiarmente Sabino Torres na colección Hipocampo”.

Por tanto, os versos de Borobó recupéranse nos ensaios en prosa de *El libro de los tropiezos* (1989a), *A cantora do Sar* (1999b), *Daniel, o noso* (2000b)... Non só se atreveu Borobó a versificar a súa obra en prosa, senón que tamén versificou a partir da obra de Castela. É o que ocorre coa “recomposición” en verso elaborada por Borobó en “Os versículos do Barbanza”, extracto da evocación do Barbanza principiada en prosa por Castela (Borobó 2000b: 107 e ss.).

## 4.2. Teatro

Nunha das conversas no seu fogar madrileño durante o ano 2000 (Acuña 2004) Borobó recordaba os seus comezos teatrais, o seu interese e cultivo do xénero dramático, así como a imposibilidade de continuar coa súa creación:

O que se me daba ben nos primeiros anos, xa antes de empezar a escribir os “Anacos”, era o teatro. Eu dialogaba, escribía diálogos e creo que con moita facilidade. As preguntas encadeábanse coas respostas (...). Eu calculaba entón que podía facer unha obra de teatro cada semana, todo o máis unha cada mes (...). Normalmente un bo autor dramático escribía, ó mellor, tres ou catro obras de teatro ó ano (...). Ou sexa que non é tan complicado escribir. Pero a vida periodística e o ter que ganar o pan desvioume diso que, xa digo, quizá fose a miña mellor facilidade e cualidade, a de escribir teatro ou guións (...). Sáeme con moita fluidez esta escritura dialéctica e por iso é unha lástima que non continuase dese xeito. Pero como tamén era cousa de non estrear

nunca nada, nin ter como non tiven tampouco capacidade de convencemento en relación coas editoriais..., menos aínda en relación co teatro que esixe relación con compañías teatrais, con empresarios, con todo iso. Nunca tiven a menor relación con eles.

Botando man da nosa memoria, deses anos compartidos co “mestre gratuito” Borobó, lembramos o testamento dramático que nos deixou antes de morrer pois a súa intención e desexo nos últimos días era a publicación bilingüe (orixinalmente en castelán coa tradución para o galego) das 5 pezas teatrais que escribiu entre 1945 e c.1948, ademais da edición dos dous guións sobre a Bela Otero. Tamén nos deu idea certa dos prólogos, da portada, das ilustracións e do posible epílogo que deberían acompañar a edición da súa obra teatral.

Aínda que o teatro de Borobó non foi representado nunca e só se publicou unha peza na revista *Fantasia* (1945), sabemos que foi lido en catro ocasións: dúas en Santiago de Compostela (en 1951 e 1957), unha terceira no Ateneo de Madrid (en 2004) e unha cuarta en Boiro (2013)<sup>10</sup>. En canto aos guións sobre a Bela Otero, un deles aparecera na revista *Fantasia* (1945) e os dous en *Chan* (1969 e 1970).

Se botamos man da bibliografía, a única persoa que se ocupou do teatro *Boroborum* foi Concha Castroviejo que, en 1951, facía unha brillante análise dos personaxes. Moito máis tarde, tamén nós nos ocupamos da intrahistoria dunha das pezas dramáticas (Acuña 2004) e Raimundo García Paz (2013) describía o contexto e a redacción das obras.

Ao noso ver, hai varios aspectos importantes no teatro de Borobó, ademais dos diálogos para os que el tiña tanta facilidade e que xa insería nos seus anacos e novelas. Esoutros aspectos relevantes, para nós, do teatro de Borobó serían: a intrahistoria presente en cada peza e as personaxes femininas.

Con respecto á intrahistoria, as cinco obras teatrais de Borobó teñen un trasfondo político e histórico con temas en voga naquel momento (lembremos que foron creadas nos anos 40):

- A 2ª Guerra Mundial e a Alianza Atlántica (*Elección parcial*).
- O drama familiar de Mussolini (*Duce, duce*).
- O profesorado universitario lector de novelas policiais e a lenda do Meco (*¿Quen matou o Meco?*).
- A Guerra Civil española e a difícil posguerra con fútbol pero moita fame (*Rodrigón*).
- O incendio de Samos e o complexo de Polícrates (*Aura e o complexo de Polícrates*).

Os seus personaxes, polo tanto, tamén terán un referente real, estean ou non agachados baixo outro nome: Rooselvet e Churchill; o Duce italiano e o Ribbentrop alemán; o reitor santiagués Legaz e o carteirista do Lárez; Cabanillas e o Padre Mauro, etc. Como el mesmo recoñeceu, podería “facerse unha singular enciclopedia biográfica co Corpus Boroborum, onde os seus pormenores pouco teñen que ver cos que aparecen nas enciclopedias correntes” (Borobó 2000b: 8).

Por tanto, o teatro de Borobó permite coñecer a historia socio-política e cultural de España, de Galicia e do Mundo. De aí a relación estreita entre os artigos (sobre todo os publicados en *La Noche*) e as pezas dramáticas (e os guións). Xa dicía M. Blanco Tobío que todos os seus xéneros derivan dun só, o anaco. Partindo do anaco case sempre, e seguindo a técnica do empalme, o texto pode multiplicarse e resultar unha novela, un ensaio, unha biografía (ou unha peza teatral, engadimos nós).

A realidade está feita de anacos aos que cómpre dar significado (Borobó 2002: 11), por iso a través deles podemos reconstruír a intrahistoria que Borobó teatralizou. Pero tamén nos permite coñecer o propio Borobó, pois o tema exposto en *Aura e o complexo de Polícrates* é algo que lle afectaba moi seriamente a Borobó. *Aura e o complexo de Polícrates* expón, a través da parella protagonista, dúas visións opostas da vida: por un lado, *Aura* que, como o seu nome indica, posúe unha facultade positiva para arranxar as dificultades e o poder espiritual para afastar os gafes; e, por outra banda, *Polícrates* que personifica o medo a

<sup>10</sup> O conto *Xoán Po'reas* adaptouse ao teatro infantil e foi representado o 20/6/2014 no Centro Social de Pontecesures.

triunfar. Esta segunda visión é un sentimento moi arraigado en Borobó.

En efecto, *Aura e o complexo de Polícrates*<sup>11</sup> está inspirada no estudo de Rof Carballo sobre o complexo de Polícrates en Rosalía, complexo que o propio Borobó atopaba en si mesmo. Nun dos artigos de 1985, que lle valeron o Premio Nacional de Periodismo Julio Camba, escribía Borobó (1993: 45-46) sobre o complexo de Polícrates:

He de confesar que lo he venido padeciendo, conscientemente, desde que leí el ensayo de Juan Rof y penetré en la honda entraña del poema rosaliano:

*Tembra a que unha inmensa dicha  
neste mundo te sorprenda;  
grorias, aquí, sobrehumanas  
trán desventuras supremas.  
(...) Si; tembra cando no mundo  
sintas unha dicha imensa;  
val máis que a túa vida corra  
cal corre a iauga serena.*

Tanto me impresionó el tema que escribí una comedia titulada *Aura y el complejo de Polícrates*. (...) Jugaba yo con la identidad del topónimo de la isla griega y del monasterio gallego. Y mi Polícrates era un físico rojo, acogido al sagrado de la abadía de Samos, durante la Guerra de España. Inventor de inventos, inventa allí la bomba atómica bastante antes de que otra semejante explotase en Hiroshima.

Se lemos algunhas das súas colaboracións en *La Noche*, atopamos “Cachos de broa” ou “Anacos” nos que Borobó escribe sobre tres tipos de gafes, sobre as tertulias ou sobre o teatro da época retratados logo en *Aura e o complexo de Polícrates*. Neste sentido podemos afirmar que Borobó se inspirou para a caracterización da rebotica de *Aura e o complexo de Polícrates*, nos espazos reais que viu e viu no Madrid dos anos 40, concretamente no café/museo/bar/restaurante Chicote, situado na Gran Vía madrileña.

O mesmo ocorre coa peza de teatro *Quen matou o Meco?*, obra que reactualiza e resitúa a lenda do Meco, ao tempo que converte en

protagonistas a docentes da Universidade de Santiago de Compostela, así como aos familiares e coñecidos de Borobó. Se o Meco da peza teatral ten trazos dun tío de Borobó (médico nos barcos dos emigrantes), os protagonistas teñen base real no reitor Legaz Lacambra, na fermosa Conchita Poch e no carteirista da cidade do Lérez Venerando (un dos “mestres da euforia”<sup>12</sup>, aos que dedica un anaco de *La Noche*).

En canto aos personaxes, Borobó pon en escena uns tipos nos que sentimos o latexar da vida. Eles lánzanse á captura da vida que pasa sen volver, nunha ocasión única pero eterna por fugaz e irreparable. Desta maneira trata de convencer un dos protagonistas de *Elección parcial* á namorada que acaba de coñecer nunha aterraxe forzosa durante a 2ª Guerra Mundial:

Vivamos os sueños, os sueños tumultuosos que son as nosas vixilias. Solta as amarras da túa vida pasada, pois o barco que é a túa vida actual pode ser afundido dun momento a outro e non chegará nunca ó tranquilo porto que imaxinabas<sup>13</sup>.

Entre todos os personaxes teatrais de Borobó sobresaen as mulleres. Dona Chon, Tulita, Cibelina, Primavera ou Patricia son personaxes femininas que se enfrontan ao destino e viven momentos estelares, estremecidos, cun ardor asombrosamente acompañado da razón. Non se sabe se viven un só momento na vida ou se é toda a vida volcada triunfalmente nun só momento (Castroviejo 1951: 85). Nelas existe unha íntima traxedia, vertixinosa e sincera.

A dramaturxia de Borobó é o expoñente dun momento concreto da actualidade humana: da posición da persoa ante si mesma, ante o universo, ante a vida e a morte, por iso acada valor universal.

E velaí que as decisións dramáticas de Primavera (a protagonista de *Elección Parcial*) tomadas durante a 2ª Guerra Mundial serían extrapolables a hoxe. Así se expresa nunha carta á súa anterior parella:

<sup>11</sup> Sobre esta obra redactamos un artigo para esta mesma revista (Acuña 2004).

<sup>12</sup> Agradecemos a Xaime Iglesias o xeneroso envío deste anaco de *La Noche*, dun artigo propio e mais a sabedoría da súa conversa en agosto de 2016.

<sup>13</sup> Citamos a partir da nosa tradución ao idioma galego da obra orixinal en castelán (inédita).



Polo meu telegrama saberías do meu inesperado matrimonio. Estaba tan soa! Convenceume Natan cando me dixo que a vida é curta e a guerra longa, que somos tres personaxes ante unha circunstancia dura e é difícil que tres combatentes de primeira liña conserven os tres a vida ata o final das hostilidades. El cre, con razón, que algún dos tres caeremos. Se es ti –sería horrible– nada se alteraría. Se [é] el –o máis probable– eu quedaría viúva e poderíamos casar; se fose eu, seriades dous a chorarme. Ante unha razón tan directa, non debes entristecerte, pois de tódolos xeitos ata a paz apenas nos veríamos. Hai que aproveitar o máxico momento en que coinciden dúas traxectorias vitais, nun planeta en guerra. É difícil que esa circunstancia se repita<sup>14</sup>.

Mulleres hai de todas as clases sociais e que saben da arte da resistencia, incluso fronte ao propio Estado. Unha delas, a filla do Duce desenganada do totalitarismo italiano e alemán, dille sorrindo amargamente ao Estado (mentres este mantén encarcerado o seu compañeiro):

Pobre bocalán fachendoso. A min con esas. A min, que vivín na vosa cabeza. Non sodes máis que un vil lacaio... dos vosos servidores. [Porque] non tendes alma, [porque] sodes una máquina rechiant e balorecida, que en vez de subministrarnos enerxía, nos proporcionades mal-humor<sup>15</sup>.

Rematamos cunha última referencia aos guións sobre os motivos carolinescos (un guión bárbaro e un guión salvaxe sobre Carolina Otero). Para Borobó era tan relevante o motivo da Bela Otero como a medio para transmitilo e neste sentido defendía a necesidade de considerar o guión como literatura. A defensa e xustificación foi exposta por Borobó nun anaco publicado o 16 de novembro de 1946:

Por fuerza ha de tener una trama original, un conflicto vigoroso, un ambiente captado con inteligencia, unos tipos cuajados de humanidad... ¿Y quién puede conseguir esto sino aquel que lleve dentro de si un creador? Y la creación en el campo cinematográfico está dentro del terreno literario, no del científico. La fantasía

y la invención creadora de un guionista, es la de un literato que se vuelca en el guión, como pudo derramarse en la novela, en el teatro, o en un poema. (...) La corrección escribiendo no es imprescindible a los literatos; otras cualidades la suplen con exceso: la hondura del pensamiento, el vigor en la expresión, la capacidad de invención... Los guionistas son tan viejos como la literatura, y el cine apenas tiene cincuenta años.

A través do guión, sen pretensión de exactitude biográfica pero si de verosimilitude ambiental (Borobó 1992a: 10), Borobó foi un dos primeiros en prestarlle atención ás personaxes femininas subalternas e non valoradas pola historia canónica como a Bela Otero e Pepa a Loba (de quen proxectaba, xunto con Sabino Torres, unha ópera). Estas mulleres, para Borobó, están ao mesmo plano que Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, todas elas damas egrexias do país (Borobó 1990: 92). E están en paralelo con Rosalía, pois, consideraba Borobó que a orixe e a educación marcounas para sempre: Pepa a Loba, Rosalía de Castro e a Bela Otero, o tríptico feminino de maior disparidade e xenialidade que deu unha soa terra na mesma época (Borobó 1999b: 30).

Claudio Rodríguez Fer (2013) chamou a atención sobre a relación entre esas figuras femininas do interese de Borobó e a biografía do homenaxeado. Exemplifica o profesor lugués con Rosalía de Castro “a quen [Borobó] dedica varias obras de diversos xéneros” (Rodríguez Fer 2013: 226) e a Bela Otero sobre a que Borobó “ten escrito de maneira creativa, pois levou precisamente a escritura creativa a crónica da súa vida” (*ibid.* 227).

### 4.3. Narrativa

Réstanos tratar da narrativa en galego de Borobó, tamén relacionada cos seus anacos e que foi adaptada ao teatro infantil<sup>16</sup>. Referímonos á “lenda fáustica” *Xoán Po'reás burlador de demos*, publicada en galego en 1992 dentro da colección “Contos do Castromil”<sup>17</sup>.

<sup>14</sup> Esta cita pertence á nosa tradución á lingua galega (inédita).

<sup>15</sup> Citamos a partir da nosa tradución ao galego (inédita).

<sup>16</sup> Como xa indicamos antes, foi representada o 20/6/2014 no Centro Social de Pontecesures grazas ao labor da profesora Iolanda Aldrei. Agradecemos esta información a Raimundo García Paz.

<sup>17</sup> Orixinalmente foi publicada en lingua castelán na revista madrileña de invención literaria *Fantasia* (26 de novembro de 1945) baixo a sinatura de “Anxelo Novo (hijo)”.

Segundo nos explicou Borobó, a lenda de Xoán Po'reás circulaba en Galicia (Ribasar) entre os achegados á familia de Carlota Paz, a súa dona. Con todo, Borobó recoñecía que se trataba dunha lenda común en lugares distantes (como Laponia e o continente africano).

Como acontecía cos outros xéneros literarios abordados neste apartado, a contextualización deste relato debemos buscala entre os anacos aparecidos no xornal *La Noche* xa no ano 1946. O 19 de setembro de 1946 Borobó achega información básica para profundar na xénese da obra narrativa:

Hace días decíamos del folklore que con leves diferencias es el mismo en medio mundo, y que lo típico es típico en todas partes. (...) Pues bien, esta leyenda [recollida no conto “Federico” de Merimée] coincide casi punto por punto con una que todavía relatan las viejas tras el fuego de cualquier lar de Sorribas, una parroquia de La Mahía. Por medio de una muchacha de allí llegó a nuestra noticia y basándonos en los elementos que nos proporcionó compusimos nuestro “Xoán po'reás, burlador de diablos” que la desaparecida Fantasía publicó el año pasado (...). Con 118 años de diferencia coincidimos en el mismo tema dos cuentistas. Y ambos, el célebre y el desconocido, fuimos tributarios de la misma fuente popular. ¿Por qué ruta vino de Nápoles a La Mahía? ¿O la llevó allí algún soldado gallego a las órdenes del Gran Capitán?

Ao día seguinte, *La Noche* 20 de setembro de 1946, Borobó alude nun anaco ás semellanzas e diferenzas entre o seu relato breve e o conto “Federico” de Merimée de cando Xesús andaba polo mundo.

O *Xoán Po'reás* de Borobó recolle a andanza polo mundo dos divinos xinetes (Xesús e o apóstolo Santiago) que “preman” un zapateiro con ser “potente volframista” pola súa cobiza e como este burlará tres demos tentadores.

Eis relatada a verídica historia dun galego que enganou a tres trasgos. Non pignorara o seu espírito ó demo, pero para o caso foi o mesmo: cando o Salvador lle propuxo a súa salvación, desprezouna alegremente. Non era un incrédulo nin pecou de facenda; era, sinxelamente, un gozador e un aventureiro. E ó final, por led, disparatado e fecundo en recursos, gañou o Ceo. (Borobó 1992b: 40)

No final do conto, Borobó reactualiza a súa recreación da lenda popular e compara con outros personaxes históricos (que existiron) e

lendarios de ámbito internacional sobre o que gustaba escribir:

Gañou a Gloria a pulso –contando coa gracia de Deus–, sen necesidade de axuda dunha escuadra de anxos, como Fausto, ou da inxenua defensa de Daniel Webster, avogado e candidato á Presidencia de Norteamérica, como aquel “malage” que vendeu a súa alma ó demo nunha película endemoñadamente engaioladora. Como non pediu grandes cousas –a xuventude– ó modo do teutón, nin era presa dunha soterrada avaricia á maneira do ianqui, carece de trascendencia –teoloxía e xurisprudencia– o caso de Xoán po'reás. (Borobó 1992b: 41)

A mestura de historia e lenda nese final do conto *Xoán Po'reás* cómpre interpretala como a capacidade de Borobó de intuír a oculta realidade entre distintos episodios históricos e destacar os seus contrasentidos. Así o explica o seu heterónimo Ánxelo Novo (Borobó 1989b: 11):

La mayor virtud, o el mayor pecado, del ensayista histórico acaso consista en su capacidad para apreciar las identidades o las conexiones entre hechos, circunstancias o fenómenos muy alejados entre sí en el tiempo y en el espacio. Cuando Borobó consigue, por ejemplo, empalmar, ligar situaciones aparentemente tan distantes como la noche de Walpurgis, la montería de Sargadelos y el martirio de Chicago, está incurriendo, sin duda, en tal virtuosismo o en semejante aberración.

## 5. Consideracións finais

Aínda poderíamos desenvolver máis novelas arredor dalgúns xéneros cultivados por Borobó porque tralas pezas teatrais e tralos guións está a intrahistoria do mundo: os feitos e os “personaxes políticos, literarios e artísticos” (Borobó 2003: 139), sobre todo os grupos subalternos como as mulleres (que deberían aparecer na portada da edición bilingüe do seu teatro) e os carteiristas (eses “profesores da euforia” que tan ben describiu en *La Noche*)...

Por esa razón somos conscientes de que a nosa aproximación á poesía, ao teatro e á narrativa en galego de Borobó (xéneros que non puido cultivar con asiduidade por ter que dedicarse ao xornalismo) pode parecer superficial. Con todo, outra foi a nosa pretensión ao abarcar e relacionar os diferentes xéneros do *Corpus Boroborum*: ofrecer unha visión ampla e complexa da súa obra.

No centenario de Borobó, máis ca nunca, valoramos os moitos regalos que nos fixo e dos que citamos dous: o seu teatro, pois as súas 5 obras teatrais certifican que Borobó foi “o home que sabía de todo” (Conde 2003) e que tecía unha obra polixenealóxica a partir dun

tema, persoa...; e converternos na derradeira xeración do seu maxisterio, a Sétima, a da mocidade madrigalega dos anos 96 en diante que iamos ver a Borobó a calquera punto de encontro como Manuel María, Novoneyra, Franco Grande... ían á redacción de *La Noche*.

## 6. Referencias bibliográficas

- Acuña, Ana (2004): “Tertulias de rebotica no teatro de Borobó: o caso de *Aura y el complejo de Polícrates*”, *Madrygal. Revista de Estudios gallegos* 7, pp. 31-44.
- (2007): “«A lembranza con nosoutros sexa» nos dez anos de *Madrygal*”, *Madrygal. Revista de Estudios gallegos* 10, pp. 171-172.
- (2014): *Conciencia política e literatura galega en Madrid (1950-2000)*. Vigo: Xerais.
- Acuña, Ana e Carmen Blanco Ramos (2003): “Anacos de memoria”, en X. Guitián (coord.), *Homenaxe a Borobó*. Sada (A Coruña): Edición do Castro, pp. 46-50.
- Blanco Tobío, Manuel (1989): “Proemio”, en *Libro de los tropiezos*. Madrid: Ediciones de Anxelo Novo, pp. 5-7.
- Borobó (1986): *El fantasma de Valle-Inclán*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- (1989a): *Libro de los tropiezos. Con Fraga, Sabell, Franqueira y demás familia*. Madrid: Ediciones de Anxelo Novo.
- (1989b): *La raíz mágica del primero de mayo y otros históricos empalmes*. Madrid: Ediciones de Anxelo Novo.
- (1990): *Primeros anacos santiagueses*. Madrid: Ediciones de Anxelo Novo.
- (1992a): *La tremenda niñez de la Bella Otero*. Santiago de Compostela: El Correo Gallego.
- (1992b): *Xoán Po'reás burlador de demos (Lenda fáustica)*. Contos do Castromil 19. Santiago de Compostela: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.
- (1993): “El complejo de Polícrates”, en *XV Premio nacional de Periodismo Julio Camba*. Pontevedra: Caixa de Pontevedra, pp. 45-46.
- (1998): *Anaco de amor a Rosalía. A Rianxada*. Edición non venal. Madrid: Hipocampo Amigo.
- (1999a): “Poemas”, *Madrygal. Revista de Estudios gallegos* 2, pp. 165-166.
- (1999b): *A cantora do sar*. A Coruña: Fundación Rosalía de Castro.
- (2000a): “Castelao con Valle-Inclán”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 3, pp. 29-44.
- (2000b): *Daniel, o noso*. Sada (A Coruña): Edición do Castro.
- (2002): *O novelo dos anacos e outros exemplos*. Santiago de Compostela: Universidade.
- (2003): *Libro dos Exemplos*. Vigo: Promocións Culturais Galegas.
- Bouza Álvarez, Fermín (2003): “Borobó e a intrahistoria”, en X. Guitián (coord.), *Homenaxe a Borobó*. Sada (A Coruña): Edición do Castro, pp. 104-105.
- Castroviejo, Concha (1951): “El inaudito teatro de Borobó”, en *Presencia de Curros y D<sup>a</sup> Emilia*. Vigo: Galaxia (Colección Grial 3), pp. 82-86.
- Conde, Perfecto (2003): “Borobó, o home que sabía de todo”, *Tempos Novos* 76, p. 82.
- García Paz, Raimundo (2013): “O teatro de Borobó”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza* 9, pp. 223-225.
- (2015): “Borobó, biógrafo”, en R. Pichel Gotérrez e X. Rivero Grandoso (eds.), *Identidade, alteridade e exilio na literatura galega (Madrygal. Revista de Estudios gallegos 18 Núm. especial)*. Madrid: Universidad Complutense / Xunta de Galicia, pp. 39-47.
- Louzao Outeiro, Miguel e Carmen Mejía Ruiz (2003): “Os días de Borobó”, *Madrygal. Revista de Estudios gallegos* 6, pp. 179-183.
- Rodríguez Fer, Claudio (2013): “Intervención de Claudio Rodríguez Fer”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza* 9, pp. 225-228.



## 7. Anexo gráfico dos rexistros e espazos compartidos con Borobó



Borobó durante a presentación do número 3 de *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* e do libro homenaxe a Inés Canosa, *Muller de doce sal* na librería e galería Sargadelos (Madrid, 21 de febreiro de 2001). Borobó aparece á esquerda da imaxe.





Celebración da *III Semana das Letras Galegas* no Edificio A da Facultad de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid (14 de maio de 1999). Borobó está á dereita da imaxe



Celebración da *V Semana das Letras Galegas* no Edificio A da Facultad de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid (16 de maio de 2001). Borobó está no centro da imaxe dirixíndose ao público